



Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I013	<i>Expediente</i> CON/56/2018	<i>Data Creación:</i> 09-01-19 11:14

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Cuberta da pista polideportiva de Verdía. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 123.966,94 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12 de febreiro de 2018, ás 9 horas.

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Proxectos e Obras.
D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de Contratación.

Celébrase esta mesa para dar conta do informe de valoración da documentación xustificativa da baixa anormal ou desproporcionada das ofertas presentadas polas empresas INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL e GROMA OBRAS SL, calificación que resulta de informe de 9 de xaneiro de 2019.

Realízase unha breve exposición do seu contido polo técnico redactor D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal, amosándose conforme a mesa coas súas conclusións, polo que non se aceptan as xustificacións presentadas, rexeitando polo tanto as súas ofertas, xa que non acompaña a documentación esixible nin argumenta debidamente os prezos ofertados.

En consecuencia, dáse traslado de novo ao departamento de obras e proxectos da documentación das empresas admitidas, aos efectos da realización do informe valorativo final das ofertas presentadas.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA

Firmado por PEÑA VIDAL RAFAEL -
44848946G el día 14/02/2019 con un
certificado emitido por AC FNMT
Usuarios

Firmado por ROMÁN OTERO
FERREIRO - 33281132V el día
14/02/2019 con un
certificado emitido por AC